



## Concello de Lourenzá

---

### VI CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO

#### "CONCELLO DE LOURENZÁ" - 2024

#### BASES

1.- A Concellería de Cultura do Concello de Lourenzá convoca o VI CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO "CONCELLO DE LOURENZÁ".

2.- Poderán participar unicamente compañías ou grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes dialectais.

3.- Os grupos interesados en participar deberán inscribirse nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá ou por correo, enviando a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición, que aparece na páxina web do Concello.
- Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.
- Ficha artística e técnica.
- DVD, pendrive ou tarxeta de memoria coa gravación da obra presentada a concurso.

Esta documentación enviarase á seguinte dirección:

Concello de Lourenzá  
(VI Certame de Teatro Afeccionado)  
Praza do Conde Santo, s/n  
CP 27760 Lourenzá (Lugo)

4.- O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte da publicación destas bases na web do Concello e rematará o 27 de setembro de 2024.

5.- As representacións terán lugar no edificio multiusos "Ponte de Cuñas" durante os meses de outubro e novembro, establecéndose un máximo de oito (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario será establecido pola organización.

6.- No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral ou musical profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de cada categoría. A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nominados/as ou os representantes nos que deleguen.

7.- O Concello nomeará un xurado independente que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable.

8.- Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 350 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc. (Para percibir a citada cantidade, a compañía ou grupo deberá presentar factura).

9.- Establécense os seguintes premios:

- Premio "Conde Santo" á mellor representación: 750 € e trofeo.



## Concello de Lourenzá

---

- Premio "Lourenzo" ao mellor actor: trofeo.
- Premio "Ana" á mellor actriz: trofeo.
- Premio ao mellor actor de reparto: trofeo.
- Premio á mellor actriz de reparto: trofeo.
- Premio á mellor posta en escena: trofeo.
- Premio especial do público: trofeo.

O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considera oportuno.

10.- Os medios técnicos necesarios para a representación correrá a cargo dos participantes.

11.- A xestión e pago á SGAE polos dereitos de autor correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.

12.- O prezo da entrada ás representacións será de 4 €.

12.- Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta de maneira inapelable pola organización.

13.- Teléfono de contacto : 982121006 (M<sup>a</sup> José).